



Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxT galego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 19 xullo de de 2020 a Federación Galega de Kickboxing comunica á Secretaría Xeral para o Deporte o protocolo para a práctica de competición do Kickboxing.

Roberto García Fernández, como Xefe do Servizo de Deportes da Delegación Territorial de Coruña e coordinador do grupo de deportes de combate.

#### CERTIFICA

**Que o protocolo da Federación Galega de Kickboxing para a práctica do Kickboxing se adecua ao disposto no protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.**

**A coruña a 21 Xullo de 2020**

